

AMOR ANIMAL

Poeta recoñecido en lingua castelá -como atestiguan os volumes *Identidades* (1997) ou *Nueve motivos para un obsequio/ Nove motivos para um obséquio* (2001) onde os textos se imbrican cos deseños da pintora Lourdes Parente-, Juan Abeleira achéganos agora a súa primeira obra en galego: *Animais, animais*. Igual que o moucho do primeiro texto abre os seus ollos, na “*hora na que todo comeza*”, a un mundo cheo de enigmas que posúe un nocturnal misterio de seu, o lector afronta un poemario artellado dun xeito tripartito (“Animais, animais”, “Olca” e “Poemas animais”) pero cunha grande unidade entre as súas partes. A primeira e a terceira organízanse a xeito de bestiario mentres que a segunda constitúe un canto gozoso do “*amor animal*”, da paixón en estado puro que envolve ós amantes nunha loucura parella á que posúe ós animais no momento do có. Vaise imbricando, deste xeito, un discurso poético marcado por varios temas axiais onde destaca sempre o encontro amoroso dos seres que, ó emparellarse, recrean nese acto de intensidade suprema o momento en que o universo se contraeu para logo crear, na súa expansión, o noso hábitat. Este proceso aparece simbolicamente representado pola iguana que, como animal totémico, é a imaxe da nai absoluta -“*A iguana nai abriu a boca/ e vomitou un ovo apincharrado/ que a duras penas rompín*”-, recordándonos as teorías míticas da creación do mundo que aparecen tamén recollidas, a xeito de canto cósmico, no último texto do libro: “Asas”.

A noite, coa súa “*suntuosa opacidade*”, acubilla os encontros fugaces dos animais e, conforme avanzamos na lectura da primeira parte, vaise acentuado o ton erótico e a intensidade da vivencia telúrica vehiculada a través del. Asistimos así ó parto do alce, ós xogos amorosos das lontras e ó desposorio do raposo, ritual trascendente que afirma o vínculo entre a parella e a intención de facela perdurar fronte ás continxencias. Este é o elo entre a primeira e a segunda parte, “Olca”, onde os protagonistas son dous seres que se aman dun modo totalitario ata o punto de que a mención do nome da amada invoca todo o existente pois a ela supedítase o entorno do eu poético e así é pobo, terra, casa... Sen embargo, os amantes fan aflorar, no ardor da paixón, a súa animalidade a través dun “*xogo das peles*” que marca a irracional entrega ó outro, o completo abandono da individualidade en favor do que os une. Sen embargo, este “*amor animal*” está desprovisto de violencia por canto representa a primacía dunha maneira de amar totalmente liberada dos tabús sociais e máis próxima ó cosmos e ós seus habitantes primixenios. Porén, tamén se plasma a dureza da existencia, sobre todo na terceira parte, onde os animais retratados ó comezo enfrontan probas durísimas. O tráxico é agora esencial nos poemas como rasgo intrínseco á propia vida e así a putrefacción da balea, a morte do corvo, o

asasinato dos fillos da gata e a súa loucura maternal déixannos abraiados pois enfróntanos coa propia crueldade humana. É agora cando entendemos plenamente que *“o medo era un animal”*, como tamén o é o amor, e que o hábitat que os acubilla está rexido por unhas leis implacables que obriga ós protagonistas dos poemas (moucho, alce, vencello, gamo, lontra...) a loitar pola vida cando esta amosa as súas poutas. Mais, con todo, sempre existe o recurso á liberdade contida, para o ser humano, na propia palabra. E, foi entón, ó mergullarse o poeta nunha lingua que xa é a súa -*“Daquela/ cando aínda eu non sabía/ a lonxitude desmesurada que cobraría a miña lingua/ nin ata qué punto as verbas podían medrarme nela”*-, que naceu este poemario.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 58, marzo 2002, p. 73